

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29 DE MAIO

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES.-

1831/05.- Abelardo Martínez Lamas.- Reforma e ampliación da planta terceira do edificio sito en Rúa dos Concheiros núm.3, previa derruba de dita planta, do baixo-cuberta e cuberta.

2475/05.- Juan Sanmartín Ferreiro, S.L.- Dúas naves industriais independentes, sen uso determinado, nas parcelas 91 A e B no Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.

355/06.- Mª de la Cruz Enjo Mallou.- Viv. unif. no Lugar de Folgoso, finca 70 de concentración parcelaria de Figueiras.

PRÓRROGA.-

642/06.- Castiproinver, S.L.- 8 viv. unif. na finca 2078 de concentración de Eixo, Marrozos (+).

APERTURAS.-

Lap/391/05.- Ramón Carlín Couto S.C.- Restaurante na R/ Senra núm.4.

Lap/17/06.- Mercedes Ramos Fuentes.- Café-bar con despacho de pan en R/ San Pedro núm.2.

6.- Aprobación dos gastos da contratación para a derruba de diversas obras ilegais.

Apróbase o orzamento para as devanditas derrubas: un galpón e muro de peche no lugar de Marrociños (6.400 euros), obras ilegais na rúa do Hórreo (4.665 euros), obras ilegais na rúa Campo do Forno (997 euros) e obras ilegais no lugar de Zarramacedo, en Bando (13.793 euros).

7.- Diversas propostas relativas a contratación de persoal.

Acórdase a contratación dun/ha administrativo/a por un período de seis meses.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á solicitude á Dirección Xeral de Transportes da declaración de caducidade de diversas concesións de liñas interurbanas.

Apróbase a devandita solicitude e a súa integración na rede de transporte urbano. As liñas afectadas son a V-2741; XG-295 (Santiago de Compostela ao cemiterio de Boisaca, Conxo, Son de Abaixo e Bar de Arriba) e V-1532;XG-093 (Castiñeiriño a San Lázaro), ambas titularidade de TRAPSA.

9.- Adxudicación do Servizo de Vixilancia e Seguridade das instalacións da UMAD.

Adxudícase o devandito servizo á empresa PROTECCIÓN DE PATRIMONIOS, S.A., por un importe de 75.564 euros.

10.- Adxudicación do subministro de mobiliario para distintas dependencias do Concello de Santiago.

Adxudícase o Lote I á empresa DESEÑO GALICIA, S.L. por un importe de 23.622 euros; e o Lote II á empresa LÓGICA EQUIPAMIENTOS INDUSTRIALES, S.L., por un importe de 50.766 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro de Formigón HN-25/P/40/II a para as obras de edificación do CERSIA.

Apróbase o prego e iníciase o expediente para a devandita contratación, por un tipo de licitación de 18.354 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á adxudicación de Asistencia técnica para a realización dos traballos de modificación do Proxecto de Remodelación da Praza de Abastos de Santiago de Compostela.

Adxudícase a asistencia técnica ao arquitecto Francisco Vidal Pérez, por un importe de 38.497 euros.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do proxecto de reforma do campo de fútbol de Santa Isabel, do prego de cláusulas e inicio da contratación da 1ª fase das obras.

Apróbase o proxecto completo, redactado pola empresa SB, SC Arquitectos, o prego de cláusulas e o inicio do expediente de contratación da primeira fase das obras pola vía de urxencia.

14.- Proposta dos concelleiros delegados de infraestruturas e de rehabilitación do casco histórico relativa á adxudicación do Subministro e instalación de barandilla para a baixada da rúa Trinidad e Escalinata de acceso á Avda. Rodrigo de Padrón.

Adxudícase o devandito subministro á empresa ARMESA, S.L., por un importe de 24.916 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á adxudicación das Obras de albanelería, carpintería e outras a realizar nos Colexios Públicos de infantil e primaria dependentes do Concello.

Adxudícanse as devanditas obras á empresa UPONOR, S.L., por un importe de 58.600 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao nomeamento dun psicólogo.

Noméase laboral fixo a Fernando González Iglesias como psicólogo que prestará servizos na Unidade de Atención a Drogodependentes (UMAD).

17.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa á xustificación do 1º prazo do convenio de colaboración coa Sala YAGO SL para 2006.

Apróbase a devandita xustificación.

18.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do convenio coa fundación Secretariado Xeral xitano para 2006.

Apróbase o convenio, para desenvolver o Programa Acceder, por unha contía de 20.000 euros.

19.- Propostas do concelleiro delegado de Cultura relativas á aprobación de diversos convenios en materia cultural.

Apróbanse os convenios de colaboración do Concello de Santiago coa Asociación de Animación Cultural e Tempo Libre Novo Circo e Cabaret Galega e co Teatro Galán.

20.- Proposta da concelleira delegada da OMIC relativa á aprobación do programa de actividades e gastos de funcionamento, así como a solicitude dunha axuda ao Instituto Galego de Consumo.

Apróbase o devandito programa, cun orzamento total de 98.395 euros.

21.- Proposta da concelleira delegada da UMAD para dar conta de dúas reservas de crédito relativas a diversos gastos do programa Sócrates.

Acórdanse as devanditas reservas de crédito.

22 a 108.- Diversas propostas do Concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativas á bonificación no Imposto de bens inmobles e no Imposto do incremento de terreos de natureza urbana e no IVTM.

Concédense as bonificacións a todas as solicitudes presentadas.

111.- Dar conta da concesión de cinco cursos do Plan FIP 2006, pola Xunta de Galicia.

Dase conta da concesión da subvención dos cinco cursos, cun importe total de 180.969 euros.

112.- Dar conta da corrección de erro nas partidas orzamentarias de gastos relativos aos puntos 78 e 79 da sesión de 8 de maio de 2006.

Dase conta da corrección do erro.